

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**13682** *Real decreto 1083/2014, do 19 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 170/2009, do 13 de febreiro, sobre compensación ao transporte marítimo e aéreo de mercadorías incluídas no anexo I do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, con orixe ou destino nas Illas Canarias.*

O Real decreto 170/2009, do 13 de febreiro, sobre compensación ao transporte marítimo e aéreo de mercadorías incluídas no anexo I do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, con orixe ou destino nas Illas Canarias, establece un sistema de compensacións que permite abaratar o custo efectivo do transporte de mercadorías incluídas no anexo I do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, entre as Illas Canarias, entre estas e o resto de España, o efectuado entre aquelas e os países integrantes da Unión Europea e, nos casos en que expresamente se determine, entre o resto de España e as Illas.

Este sistema de compensacións, que foi establecido polo Real decreto 199/2000, do 11 de febreiro, sobre compensación ao transporte marítimo e aéreo de mercadorías con orixe ou destino nas Illas Canarias, en desenvolvemento do artigo 7 da Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias, deriva do mandato previsto no artigo 138.1 da Constitución española de atender ao feito insular e ten como finalidade compensar os sobrecostos que experimenta o tráfico de produtos como consecuencia do afastamento do arquipélago do territorio peninsular e da Unión Europea.

A experiencia obtida durante estes anos aconsella actualizar a lista de produtos que se poden acoller ás compensacións ao transporte aéreo, cando o transporte marítimo resulta antieconómico polo seu alto grao perecedeiro.

En consecuencia, amplíase o anexo I do Real decreto 170/2009, do 13 de febreiro, para considerar o trementelo e a alfábega como produtos pertencentes ao grupo de plantas, flores, escallos e froitos comestibles en fresco, orixinarios das Illas Canarias, cuxo transporte por vía aérea, ademais da marítima, poida ser obxecto de compensación.

Así mesmo, prevese a habilitación aos ministros de Fomento e de Facenda e Administracións Públicas, por proposta do ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, para ditar as disposicións que permitan incorporar novos produtos ao sistema de compensacións deste real decreto, mediante a modificación dos seus anexos I e II, tendo en conta as futuras necesidades do sector produtivo canario, e sempre baixo o marco de dispoñibilidade orzamentaria existente.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Fomento e do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 19 de decembro de 2014,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 170/2009, do 13 de febreiro, sobre compensación ao transporte marítimo e aéreo de mercadorías incluídas no anexo I do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, con orixe ou destino nas Illas Canarias.*

O Real decreto 170/2009, do 13 de febreiro, sobre compensación ao transporte marítimo e aéreo de mercadorías incluídas no anexo I do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, con orixe ou destino nas Illas Canarias, queda modificado como segue.

Un. A disposición derradeira primeira queda redactada como segue:

«1. Facúltanse os ministros de Fomento e de Facenda e Administracións Públicas para ditaren, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación do presente real decreto, con especial atención á utilización de medios electrónicos que axilicen e abaraten os trámites para as empresas e para a Administración.

2. Así mesmo, facúltanse os ministros de Fomento e de Facenda e Administracións Públicas, por proposta do ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, para ditaren as disposicións que permitan modificar a lista de produtos comprendidos nos anexos I e II deste real decreto. No caso do plátano, quedan facultados para ditar as disposicións que permitan incorporalo ao réxime de compensacións regulado polo presente real decreto, así como para establecer a contía máxima das ditas compensacións, tendo en conta, en todo caso, as dispoñibilidades orzamentarias para estas sempre e cando, e previamente, se producise unha redución significativa dos aranceis que protexen actualmente o plátano canario e sempre que a situación dos seus prezos nos mercados tradicionais así o aconselle.»

Dous. Engádense dúas novas letras c) e d) ao anexo I do Real decreto 170/2009 co seguinte texto:

«c) O seguinte produto comprendido no capítulo 9 do arancel de alfándegas, relativo ás especias e sementes:

910993300 Trementelo.

d) O seguinte produto comprendido no capítulo 12 do arancel de alfándegas, relativo ao grupo de plantas medicinais e aromáticas:

1211908620 Alfábega.»

**Disposición derradeira primeira.** *Habilitación normativa.*

Facúltanse os ministros de Fomento e de Facenda e Administracións Públicas para ditaren, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a aplicación do presente real decreto.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 19 de decembro de 2014.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,  
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN